Roteiro literario por Carballo

ROSALÍA FERNÁNDEZ RIAL

asociación de escritoras escritores en lingua galega
www.aelg.gal

ROTEIRO LITERARIO POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2026

SUBVENCIONADA POR :

Deputación DA CORUÑA

CO APOIO DE:

Concello de CARBALLO

1. Ou terra de Bergantiños: personifica o Anllóns

A poesía, a literatura, a arte en xeral, permítennos cambiar de paradigma a golpe de pacto ficcional. Non hai medio máis eficaz para mutar a perspectiva dun xeito profundo, desde a raíz mesma do pensamento, que a linguaxe traballada. A lectura, a escrita e a oralidade son capaces de modificarnos a visión da realidade, incluso sobre os lugares que transitamos cada día.

De nena, tras mergullarme nos *Soños na gaiola* (1968) de Manuel María, o meu xeito de ver o río que atravesaba Carballo non volveu ser o mesmo. Nesta última tempada, trinta anos despois, e sen perder a esencia poética gañada na infancia, a miña percepción do Anllóns deu un novo xiro tras ler a Anna Dot (2026).

Na biografía que a citada autora catalana escribe sobre o Ter propón outorgarlle ao río o carácter de suxeito, un ser dotado dun corpo enorme e cunha temporalidade diferente á humana. Esta maneira de entender implica necesariamente outro xeito de coidados cara ás correntes de auga que percorren os nosos territorios. Gustaríame, por tanto, que afrontaramos a primeira visión do Anllóns con esa personificación poética e esmero na custodia colectiva. Como na coñecida carta que o xefe indio de Seattle[1] enviou no século XIX ao presidente dos EEUU que pretendía mercarlle as terras que habitaban:

> Como se pode comprar ou vender o ceo ou a calor da terra? Esta idea é estraña para o meu pobo. Se ata o de agora non somos donos da frescura do aire ou do resplandor da auga, como nolo poden vostedes comprar? Nós decidiremos no noso tempo. Cada parte desta terra é sagrada para a miña xente. Cada brillante espiña de piñeiro, cada beira areosa, cada recuncho do escuro bosque, cada claro e zoante insecto, é sacro na memoria e experiencia da miña xente.
>
> Nós sabemos que o home branco non entende os nosos costumes. Para el, unha porción de terra é o mesmo que outra, porque el é un estraño que vén na noite e toma da terra o que necesita. A terra non é a súa irmá, senón o seu inimigo, e cando el a conquistou segue adiante.



O carácter sacro da natureza está presente en practicamente todas as culturas tradicionais. Anna

[1] Carta: La carta que el jefe indio Seattle envió al presidente de Estados Unidos - Cultura Inquieta

Dot (2026) alude a iso cando invita, á lectora a acceder a ese imaxinario mediante un feitizo; un ritual que afectará a quen reciba as palabras clave para cambiar o seu modo de contemplar o Ter. Mediante unha transferencia inmediata e regresando ao século XIX pero neste caso galego, en concreto bergantiñán esta ruta debería empezar citando ao bardo por excelencia destas terras; Eduardo Pondal (1886/1985). O celtismo, alentado por Murguía e polo propio Rexurdimento, actuaría como cerimonia precisa para contemplar doutro xeito o Anllóns en particular e as terras de Bergantiños en xeral:

«Ou terra de Bergantiños,
Roxa ô arar, nobre e testa;
Doee á vista desde longe,
Donde vin a lus primeira.
Cand' era rapaza nova,
Casánome en terra alléa:
(Ainda meu pai n' acabara,
Ben catorce sementéiras.)
Cando de ti me leváno,
Tomei unha boa pena:
Fún chorando p' lo camiño,
D' unha terraxe estrangeira.
Se non te vexo cos ollos,
Bergantiños, boa terra,
C' os ollos do corazon,
Vexo as tuas doces veigas.
Ou terra de Bergantiños,
Ben te vexo desde longe,
Cos teus trigos e os teus pinos.

Estas terras, estas agras bergantiñás teñen un carácter celta desde a propia orixe do topónimo comarcal que, como demostra Cabeza Quiles, autor que viviu moitos anos en Carballo, no seu libro *A toponimia dos celtas brigantinos e doutros pobos da Gallaecia* (2024), publicado por Espiral Maior, editorial agora afincada na mesma capital comarcal, “Bergantiños” ten a súa

orixe en “brigantinos”, tribo celta procedente de “Brigantia”, zona elevada, referida á actual Coruña:



“en Galicia existen datos documentais dese mesmo período que parecen sinalar a presenza doutro pobo celta do mesmo nome instalado na actual cidade da Coruña e arredores, daquela chamada primeiro ***Brigantium*** e despois ***Brigantia*****,** topónimos que conteñen a voz celta *briga* 'altura, fortificada, castro'.

(...)

Reparando nesta observación, consideramos moi verosímil que ***Brigantium*** sexa un xenitivo plural da terceira declinación latina dun tema en *-i*, que signifique 'dos brigantes', en alusión ao antigo faro ou torre das fontes clásicas, hoxe continuado na Torre de Hércules, ou, se o faro aínda non existise, á propia cidade ou ao territorio dos brigantes 'os (habitantes) da briga ou altura fortificada'. Dende esta posibilidade o topónimo celta romanizado ***Brigantium*** podería equivaler a '(o faro, a cidade, ou territorio) dos *brigantes ou dos *brigantiuni ou *brigantinos', posible versión latinizada do etnónimo ou xentilicio *brigantes, do que parece proceder o topónimo ***Bergantiños*****,** ***Bregantinos*** no ano 569 na *Divisio Theodomiri* ou Parroquial Suevo, que podería nomear os habitantes ou vasalos da *civitas* ou unidade territorial e administrativa con capital na cidade de ***Brigantium***”

Tan só erguendo lixeiramente a vista desde este inicio da ruta, aquí desde os “trigos” celtas de Bergantiños podemos ver, fronte ao instituto Alfredo Brañas, unha elevación do terreo sobre a que se situaba un castro, testemuña desa cultura celta que Bergantiños leva no seu propio topónimo.

Xusto ao lado do castro, máis preto aínda do mesmo IES, que honra a figura doutro insigne escritor carballés do século XIX, o rexionalisata Alfredo Brañas, contemplamos o antigo depósito da auga. Neste caso, igual que o castro, o depósito tamén se sitúa na parte máis alta da vila, para que a auga descendese coa forza da gravidade cara ás vivendas. Lembro que cando fun estudar secundaria ao IES Alfredo Brañas na materia de Educación Plástica e Visual mandárannos debuxar durante unha tempada aquilo máis representativo das nosas vilas. Na

primeira serie eu só pintaba a paisaxe de Muxía pero cando nunha sesión a profesora me pediu que reflectise o que me parecía máis insigne de Carballo eu, con doce anos debuxei o depósito da auga, a modo de catedral. Ata unha cativa concibe ese espazo como o reservado ao sagrado; os castros, as catedrais, o lugar da auga imprescindible para vivir.



En todo o anterior, na figura de Sojourner Truth, no ecofeminismo e nestas agras de Bergantiños inspireime para escribir o seguinte poema do meu libro *Árbores no deserto* (Galaxia, 2020):

"Boca abaixo amamento
a risa da terra:
con cada cóxega ábrese
un rego
polo que asomo
os peitos
ao corazón
do mundo.
Provoco o latexo
do chan
e fago brincar
os pés que sostén.
Danzando
cultivo a fertilidade
para agromar de novo
na infinda potestade de crear."

Con isto quería lembrar que no XIX nace o feminismo e este *Árbores no deserto*, profundamente bergantiñán, pero tamén con carácter internacionalista, homenaxea a diferentes pensadoras grazas as que hoxe as mulleres temos voz. Non quería deixar por tanto de darlle unha volta ecofeminista a todo o exposto ata aquí antes de avanzar cara ao Anllóns. Vandana Shiva establece así unha equiparación entre a violencia exercida contra a natureza e a executada contra o corpo da muller por parte do patriarcado e do capital: "a túa biodiversidade está á venda, a túa auga está á venda; todo pode ser adquirido, e esta mercantilización tamén afecta aos corpos das mulleres" (2019:166).





Avancemos, pois, desde estas agras sacras cara un río suxeito con perspectiva ecofeminista e coa cerimonia dun celtismo revisado, poético, revolucionario, bergantiñán.

2. O meandro: pedra angular

A primeira parada unha vez que chegamos ao río quería que fora aquí, neste meandro, nesta revolta da corrente; primeiro para deternos a reflexionar sobre a propia orixe do nome "Anllóns". Logo, para pensar sobre as traxectorias reviradas en varios sentidos.

Para empezar, tal e como se sostén no libro *O río Anllóns. Arteria principal de Bergantiños* (2020: 293), o nome do río procede da palabra "angulones", cuxa evolución fonética desemboca en "Anllóns" e "angulo", que deriva en "Añón": precisamente a curva do Anllóns co rego do Añón, onde nos deteremos xusto despois, configura a xénese do topónimo fluvial.



En coherencia con esta importancia das raíces, non quixera deixar de lembrar o épico poema de Manuel María no que apela á "música do río que / cruzou lentamente a nosa infancia". Nesa infancia percorrida polo Anllóns, tiven a oportunidade de coñecer a Manuel María, primeiro en Muxía, no 1995, e máis tarde en Carballo, grazas á Asociación Cultural Lumieira, coa que mantiña unha moi estreita relación que o trouxo moitas veces á capital bergantiñán. Por iso, unha parte deste corpo

acuático, deste suxeito natural, pasa recitando os versos do poeta de Outeiro de Rei, que nos empezou a falar do río nos *Soños na gaiola* e logo continuou coa *A lus resucitada* (1984):

Un volta sempre ás súas orixes,
Aos lugares nos que está enraizado,
Ao seguro torrón da propia tribo,
Ás sabidas conversas familiares,
Aos vellos camiños sen sorpresas,
A escoitar a música do río que
Cruzou lentamente a nosa infancia,
A sentir o son amigo das campanas
Orballando soidades e lembranzas.
E a alta marabilla de poder falar,
Do xeito máis fondo e máis total,
Coa luz que un amou, resucitada.



sarios de A Laracha con Manuel Fraga. En Onda Cero hubo tertulia. Manuel María dio una conferencia en Carballo

Por outra banda, e tal e como anunciabamos ao principio, non quixera saír deste meandro sen citar a un poeta coetáneo de Manuel María que reflexiona sobre a importancia da condición angular, curva, de meandro no seu poema "As persoas curvas[2]", do que nos permitimos seleccionar un fragmento e traducilo:

Miña nai dicía: gústanme as persoas rectas.

A min gústanme as persoas curvas,
as ideas curvas,
os camiños curvos,
porque o mundo é curvo
e a terra é curva
e o movemento é curvo;
e gústanme as curvas
e os peitos curvos
e os cús curvos,
os sentimentos curvos;
a ebriedade: é curva;
as palabras curvas:
o amor é curvo;
o ventre é curvo!;
o diverso é curvo.

[2] «Las personas curvas», de Jesús Lizano – Editorial Gato Encerrado

Finalmente, e regresando ás ideas de Cabeza Quiles, en parte expostas en *Galicia, o galego e os galegos* (2016), gustaríame rematar este alto curvo no camiño lembrando a condición indirecta, torta, do noso carácter como cultura. O citado escritor sostén que a xeomorfoloxía do terreo galego fai que nós tamén nos relacionemos dese xeito non directo, non recto, a diferenza doutros lugares, onde impera a planicie e onde as persoas que o habitan acaban por vincularse sen tantos rodeos.

O Anllóns como suxeito tamén ten este carácter curvo e calmo. Sen ir máis lonxe, para que se forme un meandro é necesario que a corrente discorra amodo porque noutro caso a súa incidencia no terreo sería ben diferente.

3. O bosque do Añón: romaría e saúde fluvial

Inevitablemente, para as persoas que vivimos nalgúns momentos en Carballo este é o corazón da vila. Un órgano que latexa por veces en forma de muiñeira, cando se celebra aquí a "festa do bosque", recuperada con gran éxito hai xa uns anos e que pecha con romaría as festas do San Xoán.



Este ritmo cardíaco lémbranos á súa vez a importancia referida na introdución deste roteiro de coidar ao río suxeito. Para iso cómpre comezar por facerlle unhas analíticas para ter conciencia do seu estado actual e desde aí poder actuar, intervir e garantir que siga palpitando a ritmo de seis por oito moitas romarías máis.

Neste punto, resulta un luxo contar con investigadoras como Laura Barral Fraga, doutorada no ámbito citado e membro do Grupo de Investigación en Cambio Ambiental (GRICA) da UDC. En abril do 2016 xustamente empregaba a referida metáfora das analíticas ao río, o cal nos



reafirma a condición de suxeito que lle outorgan non só as escritoras de ficción se non, en ocasións, as científicas.

Ademais dos seus múltiples traballos académicos e mesmo da colaboración do citado libro *O río Anllóns. Arteria principal de Bergantiños*, cómpre sinalar que en abril deste ano 2026, tal e como testemuñan as noticias do xornal[3], nunha actividade divulgativa, a investitadora referida transmitiu á veciñanza de Carballo que o Anllóns porta uns niveis de fosfatos e nitratos máis elevados no seu paso pola capital bergantiñán. Logo, e isto resulta un dos temas centrais da súa Tese de doutoramento[4] o arsénico está presente no noso río en gran medida debido á actividade mineira pretérita que houbo en Corcoesto.

Neste sentido, resulta interesante lembrar a loita posterior ante a ameaza da apertura doutra mina de ouro no mesmo lugar. A nivel literario, ademais dos múltiples manifestacións, concertos ou recitais organizados pola comarca de Bergantiños a asociación Caldeirón, daquela capitaneada por Paco Souto, ademais de Paco de Tano, publicou unha interesante antoloxía titulada: *Versus cianuro | Poemas contra a mina de ouro de Corcoesto* (2013).

No camiño intermedio entre a reivindicación contra a amenaza dunha nova mina que contamine o Anllóns, o humor, a romaría e a poesía satírica cantada, non quixera deixar este punto do roteiro sen citar a fantástica letra que a partir da versión dunha canción xa clásica actual fixeron os Poetarras[5] denunciando:

Pero hai un río que se marxinou
nin dios coñece o Anllóns
Nin dios o coñece.
O outro día pregunteille a miña nai
e non sabía que río era.

[3] La Voz de Galicia, https://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/2026/04/16/span-langgl-anllons-rio-forma-parte-da-nosa-vidaspan/0003_202604C16C4991.htm [Consultado 24/10/2026]
[4] Barral Fraga, L. (2017). Arsenic and fluvial biofilms: biogeochemistry, toxicity and biotic interactions. Universitat de Girona. https://hdl.handle.net/10803/461201
[5] Canción dos Poetarras dedicada ao río Anllóns: (3181) Poetarras - Anllóns - YouTube

Explícovos.
Sae da Serra de Montemaior
pérdese no Verdes e no Añón
vai morrer ao mar na ría de Laxe e Corme
é un referente na labor da contraminacción
busca a purificación
e rega as terras da comarca de Bergantiños

4. A milagreira Ponte da Lagoa

Igual que a sedimentación dos ríos e terreos, hai nomes que se superpoñen a outros que perden presenza na fala cotiá. Lugares que pasan a chamarse doutro xeito e cuxo nome orixinal pode chegar a ficar no esquecemento case por completo. Este é o caso, segundo testemuña o historiador carballés Xan Fraga, no cuarto volume das súas *Crónicas de Carballo* (2012), da ponte da Lagoa, que perdeu a súa denominación en canto se impuxo, trala construción da capela da Milagrosa, da ponte da Milagrosa:

> O que me pasou a min foi que, despois de tantos anos de ver escrito nos documentos, dende o século XVIII cando menos ata hai pouco, desapareceu a denominación Ponte da Lagoa. A denominación correcta, histórica e de xustiza. Pero estas cousas xa non se respectan. Agora chámanlle a Ponte da Milagrosa.

Esta ponte, curiosamente, foi reconstruída hai ben pouco no marco das medidas de prevención das inundacións, antes constantes nesta zona e moi especialmente no parque do San Martiño, que temos xusto a carón. Testemuña literaria deste feito é o recordo 193 do poeta e xornalista carballés Xurxo Chapela que no seu "Lémbrome" escribe (2016: 45): "Lémbrome de cando o parque do río parecía un encoro por mor das primeiras inundacións que recordo". Eu tamén recordo perfectamente as imaxes da veciñanza en balsas e embarcacións polo parque ou os esforzos por sacar a auga dos baixos daquela zona.



Á melancolía que expresan os dous autores carballases súmase a morriña arredor do mesmo barrio desaparecido que expresa o inmenso novelista coa mesma orixe bergantiñán, Xurxo Borrazás no seu libro *Na maleta* (2000):

> "Baixou pola rúa do Sol e ao chegar ao río veu a sorpresa. Sorpresa non era a palabra, as sorpresas son como as pedras guindadas nas pucharcas, fórmanse onda e a visión entúrbase, pero pasado un tempo a normalidade restablecécese, as sorpresas son aliviadoiros.
>
> Este era un caso distinto, cando el chegou ao río non estaba a ponte e un estraño non a botaría en falta. Non había obras, nín ruínas nin rastros, como se non a houbese nunca. A rúa remataba alí e á dereita e á esquerda o Anllóns discorría bordeado de freixos, carballos, salgueiros, avelairas, bidueiros. Árbores, pensou Pepe. Da outra banda víanse prados e piñeirais, o bosque do Añón, o san Martiño, os outeiros que imperceptiblemente gabeaban cara ás Labradas e a Brea. O barrio a Ponte desaparecerá."

Do que estou segura é que aos tres autores lles alegra infinitamente que ás melloras arquitectónicas na ponte se sumara a mellora urbanística da rúa Sol, unha das máis maltratadas en tempos pasados a nivel construtivos e que se renovou por completo nos últimos anos. Primeiro a nivel construtivo no eido público pero logo tamén no cultural, en gran parte grazas á ubicación nesa rúa da editorial galega coa colección de poesía máis longa e das máis prestixiosas da nosa literatura: Espiral Maior.

Esta sede, denominada Espiral Maior Foro e rexentada polo gran intelectual e escritor Miguel Anxo Fernán-Vello non só mantén unha actividade cultural frenética senón que actúa tamén como lugar de encontro, como galería de arte, como libraría e como impulsora de pensamento e creación. Precisamente nun artigo que Miguel Anxo escribía no xornal[6] cando veu vivir a Carballo, no 2020, referíase ao río Anllóns primeiro e logo á praia de Razo nos seguintes termos:

> Ollada dende o ceo, a bandeira da terra carballesa está cruzada, de leste a oeste, polo azul arterial do río Anllóns, que percorre o gran arco bergantiñán presidindo a vasta chaira que morrerá no mar, antes dos primeiros cantís que van de Malpica a Fisterra. Don Ramón Otero Pedrayo, referíndose ao Anllóns, falou dun «ritmo» que «vai sacando de puntos a escultura dun val», e velaí a emoción da paisaxe en estado puro, a mesma convulsión do espírito que nos produce o areal carballés de Baldaio unido á praia esplendente de Razo,

[6] Artigo de Miguel Anxo Fernán Vello en La Voz de Galicia: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/carballo/2020/11/29/span-langglvivir-carballospan/0003_202011C29C12991.htm [Consultado por última vez 29/10/2026]

> toda unha composición natural (mar, luz, terra e ar) que abre cara o Atlántico máis de seis quilómetros de brancura.

Esa luz, igual que o humor de Xurxo Chapela noutro dos seus "Lémbrome" tamén se superpón, afouta e decidida á saudade, porque a literatura serve tamén para conservar os nomes perdidos das cousas e lugares. A poesía tamén pode empregarse para rir, para o sarcasmos, para o escarnio e o "maldicer":

> "Lémbrome da pailanada que foi cando cociñaron no parque do río a tortilla máis grande do mundo (récrod Guinness): non a comían nin os cochos, pero a xente matábase por ir coller racións en bolsas de plástico" (Xurxo Chapela, 2016: 17)

Ou ben para o amor, como no poema "Ponte móbil", que escribín en *Ningún amante sabe conducir* (Edicións Positivas, 2014).

5. Xardín Rosalía de Castro e praza Xela Arias: "adios ríos", "miña flor, caravel".

Tendo en conta a temporalidade do río, tan diferente á nosa, podería parecer que a historia só fai referencia a momentos moi remotos do pasado. Mais iso é así só en parte porque as intrahistorias tamén se fan no día a día, tamén se constrúen de momentos presentes. No 2021, ano en que lle dedicaban as letras galegas a Xela Arias, e aínda en plena pandemia, tiven a sorte de recitar na inauguración desta praza á beira do río que o Concello de Carballo lle dedicaba. Ao acto acudiu seu fillo Darío e o que fora o seu marido, o fotógrafo Xulio Gil, ademais das autoridades locais.



Nas paredes desa praza dedicada a Xela Arias, a artista plástica Rakele Cavallo deu cor á súa versión do rostro da escritora de *Tigres coma cabalos* (1990) acompañado polo seguinte poema da autora viguesa:

Infórmame o peso dos pasos
sobre o incordio da realidade.
Mais se a flor se erguía
ergue
un fondo olor de liberdade

(e as palabras teñen a virtude
ser tan grandes como as ganas,
o querer, quero dicir).
E sumo coa miña a túa
na grande ramallada dos desexos.
E sabemos que sumando agradecemos
ser capaces en conquistar
da guerra tódalas batallas,
miña flor, caravel.
(publicado en "Clave Orión 6 -1999-)

Este é o xeito no que os lugares se van resignificado e un espazo antes anónimo adquire agora un carácter poético, simbólico, que invita á lectura e ao coñecemento dunha das grandes poetas das nosas letras. A realidade moitas veces créase nomeándoa e elixir como chamarlle resulta trascendente.

Sen perder a vista ao Anllóns, un pouco máis adiante ábrese o Xardín Rosalía de Castro, baseado no poema "Adiós ríos, adiós fontes"[7] e pretendeu materializar na súa concepción e construción os elementos que configuran as palabras e elementos dos versos rosalianos:

Adiós ríos, adiós fontes
adiós, regatos pequenos;
adiós, vista dos meus ollos,
non sei cándo nos veremos.

Miña terra, miña terra,
terra donde m'eu criei,
hortiña que quero tanto,
figueiriñas que prantei.

Prados, ríos, arboredas,
pinares que move o vento,
paxariños piadores,
casiña d'o meu contento.

Muiño dos castañares,
noites craras do luar,
campaniñas timbradoiras
da igrexiña do lugar.

Amoriñas das silveiras
que eu lle daba ó meu amor,
camiñiños antre o millo,
¡adiós para sempre adiós!

[7] Cantares gallegos no CVC: Cantares gallegos / Rosalía de Castro | Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes

Ademais, as prantas e os elementos decorativos do xardín conxúganse con fotos referentes á emigración galega e cunha ilustración de Mon Lendoiro, versionando o rostro da autora máis importante das nosas letras. Este espazo foi inaugurado, como testemuña a prensa local[8] polo alumnado do colexio A Cristina, xerme do futuro, que recitaron poemas de Rosalía, xunto a actuacións teatrais.

6. Xeotermia e regueifa

A mesma dicotomía que se produce na historiografía respecto aos tempos pretéritos e máis recentes repítese tamén en canto aos grandes acontecementos, ás conquistas imperiais e ás accións de reis e emperadores, e á intrahistoria, aos sucesos da cotidianidade e das clases populares.

Nesta parada, ambas dialécticas baten entre si. Dunha banda, neste punto podemos falar da presenza dos romanos en Carballo, procedentes do Imperio, e como fundaron e deron orixe á vila mediante a presenza das augas termais. De feito, no propio río da Balsa, onde se xunta co Anllóns, en ocasións, podemos distinguir un cheiro que obedece á presenza de augas sulfurosas. Isto lémbranos continuamente que Carballo está construído sobre un volcán acuático, coa enerxía xeotérmica ardendo baixo os nosos pés. Mais tamén nos fai soñar coa utopía dunhas termas nalgunha praza pública desta capital bergantiñá.

En estreita relación con esta imaxe dun sulfuroso río subterráneo que percorre a vila, cómpre lembrar unha das letras, composta por Alberto Martínez, do último disco ata a data do grupo carballés Chicharrón que se titula *Temporal* (Ferror Records, 2026) e que expresa:

ninguén pode oír
o río subterráneo
que segundo din
atravesa esta cidade
pero todos senten a súa erosión

Por outra banda, na superficie da nosa comarca e en especial de Carballo existe unha riqueza inmaterial de incalculable valor que ten que ver coa cultura popular. Poucas terras son tan ricas en cantigas e bailes tradicionais como a nosa, que tamén é vizosa no eido agrícola, como vimos

[8] "La Voz de Galicia": A inauguración do Xardín de Rosalía de Castro en Carballo, en imaxes [Consultado por última vez o 26/10/2026]

ao comezo do roteiro. Ambas condicións foron custodiadas, creadas e desfrutadas polas persoas que escriben as pequenas historias, alén dos imperios que nos veñen conquistar.
O propio pobo é consciente dese valor cando canta:

Bergantiños ten a sona,
Bergantiños sona ten;
Bergantiños ten a sona,
de cantar e bailar ben.

Ou ao entoar:

Para cantar e bailar,
Bergantiños sona ten.
Para colleitar bon pan,
Carballo como ninguén.

Como non podía ser doutro xeito, as cantigas populares sobre o río son moitas e moi variadas. Sen ir máis lonxe, o investigador Luis Antonio Giadás Álvarez recolleu na comarca bergantiñá, tal e como se recolle na relevante web de Galicia encantada[9]

O río cando vai cheo
leva carballos e follas.
Tamén podía levare
ás língoas marmuladoras.

Ás linguas marmuradoras temos un xeito imbatible de combatelas en bergantiños: a regueifa, o repente por excelencia. Neste Pazo da Cultura que contemplamos desde aquí, no parque do Anllóns, celébranse os premios galegos da Regueifa, cuxa indiscutible gañadora ata o momento

[9] Galicia encantada: https://galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=11&id=1575

é Lupe Blanco, herdeira de estirpe regueifeira e que conxuga a habilidade improvisadora con prodixiosa voz. Será un luxo escoitala se nos pode acompañar no roteiro.



7. Pan, auga e poesía

A literatura a veces pode transformar a realidade. Soñar utopías na arte abre sendeiros para avanzar na realidade. Este roteiro comezou imaxinando con Anna Dot o recoñecemento xurídico de suxeito con dereitos para os ríos e, antes de pechalo, nas últimas fases de investigación sobre este tema, tropecei co libro de Robert Macfarlane *Són vius els rius?* que me acabou por conducir a un podcast de "Literatura"[10], onde á súa vez descurbrín á investigadora Teresa Vicente.

Teresa Vicente é especialista en Filosofía do dereito e directora da Cátedra de Dereitos Humanos e Dereitos da Natureza da Universidade de Murcia que precisamente liderou unha ILP para que se recoñecera a personalidade xurídica do Mar Menor. No seu discurso durante a entrevista do podcast referido cita un río galego que acadou a mesma condición. Este dato non podía pasar desapercibido para o roteiro que nos atinxe.

En efecto, o 1 de marzo de 2024, o Concello de Serra de Outes (Galicia) aprobou a "Declaración de Dereitos do Río Tins"[11] o primeiro río de España ao que se lle recoñece como suxeito con dereitos.

Antóllaseme tremendamente poético que xusto antes de pechar a redacción do roteiro dera con este dato; o primeiro río de España coa categoría de suxeito descrita está na mesma provincia que o Anllóns. Quizais a utopía que soñamos aquí contribúa, por pouco que sexa, a que nun futuro próximo os dereitos dos ríos como suxeitos sexa a regra xeral.

En realidade toda esta concepción enmárcase na corrente filosófica da ecosofía, que impulsada por varios pensadores como Arne Naess, Panikkar ou mesmo Guattari, propón superar a concepción antropocéntrica que marcou a idade moderna e equilibrar as dúas existencias de maneira harmónica e non dualista.

---

[10] Podcast de "Literatura": https://podcasts.apple.com/be/podcast/literatura-pueden-los-r%C3%ADos-tener-los-mismos-derechos/id282310581?i=1000786793690

[11] Declaración de dereitos do río Tins: https://ecojurisprudence.org/es/iniciativas/ciudad-de-serra-de-outes-galicia-espana-declaracion-de-derechos-del-rio-de-las-puas/

Sen saír do eido da filosofía, a ética debería impulsarnos a venerar a fertilidade sostible de Bergantiños e todo o que o río nos ten dado, desde a auga vital para beber ou as funcións hixiénicas fundamentais ata a enerxía que posibilita moer o trigo que dá lugar ao alimento máis básico como é o pan; medio pan e medio libro, como lembra Lorca (1931/2020):

> "No sólo de pan vive el hombre. Yo, si tuviera hambre y estuviera desvalido en la calle no pediría un pan; sino que pediría medio pan y un libro. Y yo ataco desde aquí violentamente a los que solamente hablan de reivindicaciones económicas sin nombrar jamás las reivindicaciones culturales que es lo que los pueblos piden a gritos".

Iso sostén Lorca, que, por certo, mantén o río como símbolo poético ao longo da súa poesía, especialmente a de carácter neopopular. Cómpre non esquecer, nese sentido, que as cantigas de amigo que impulsaron a nosa literatura, que a elevaron á máis alta categoría na Idade Media, tamén discorre omnipresente o río como símbolo poético relativo á fertilidade.

Pan, auga e poesía. Ecosofía e dereitos que recoñezan o río como suxeito serían as utopías que quixera guindar ao aire nesta parte do Anllóns, símbolo literario e vital.

BIBLIOGRAFÍA

Arias, X. (1990) *Tigres coma cabalos*. Vigo: Xerais.

Borrazás, X. (2000). *Na maleta.* Santiago de Compostela: Sotelo Branco.

Cabeza, F. (2024). *A toponimia dos celtas brigantinos e doutros pobos da Gallaecia*. Carballo: Edicións Espiral Maior.

Cabeza, F. (2016). *Galicia, o galego e os galegos*. Noia: Toxosoutos.

Chapela, Xurxo (2016). *Lémbrome*. Santiago de Compostela: Positivas.

Pondal, E. (1886/1985). *Queixumes dos pinos*. Vigo: Galaxia.

Dot, Anna (2026). *El Ter: una biografía* (Traducción de Montse Meneses Vilar). Madrid: Random House.

Fernández, R. (2020). *Árbores no deserto*. Vigo: Galaxia

Fernández, R. (2014). *Ningún amante sabe conducir*. Santiago de Compostela: Positivas.

Fraga, X. (2012). *Crónicas de Carballo IV*. Carballo: Rubiños 1860/A.C. Lumieira.

Lorca, F. (1931/2020). *Medio pan y un libro*. Pontevedra: Kalandraka.

María, M. (1984). *A lus resucitada*. Vigo: Galaxia.

María, M. (1968). *Soños na gaiola* . Vigo: Xerais, Colección Merlín.

Shiva, Vandana (2019). La estrecha relación entre el empoderamiento de las mujeres y la sostenibilidad". En VVAA, *Por qué las mujeres salvarán el planeta* (pp. 164-177).Barcelona: Rayo Verde.

VVAA. (2020). *O río Anllóns. Arteria principal de Bergantiños.* Carballo: Instituto de Estudos Bergantiñáns (IEB)

